

CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

DONA MERCEDES FERNÁNDEZ MOIRÓN, SECRETARIA-INTERVENTORA ACCIDENTAL DO CONCELLO DE MEIRA (LUGO)

CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 29 de abril de 2024, adoptou entre outros o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

APROBACIÓN DA CONVOCATORIA E DAS BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE PEÓN AGRÍCOLA DO CONCELLO DE MEIRA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

Vista a Orde do 26 de decembro de 2023, da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL), e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2024 (TR351G)

Vista a resolución da xefa territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, de data 19 de abril de 2024, pola que se comunica a concesión dunha subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) para o servizo de Medio Ambiente.

Visto a necesidade de contratar a un peón agrícola, dentro do marco da subvención concedida pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais e adscritos ó servizo de Medio Ambiente, de acordo coa providencia da alcaldía de data 29 de abril de 2024, e que copiada literalmente dí:

“PROVIDENCIA DO ALCALDE DO CONCELLO DE MEIRA EN RELACIÓN Á APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN DE UN (1) PEÓN AGRÍCOLA AO ABEIRO DO PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL), DO ANO 2024.

O Concello de Meira solicitou en data 29.01.2024 unha subvención ao abeiro da Orde do 26 de xaneiro do 2023 da Consellería de Emprego e Igualdade, pola que se establecen as bases reguladoras e se



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

convocaban subvencións para o fomento do emprego no medio rural, APROL RURAL 2024 para a contratación en réxime laboral temporal de un (1) peón agrícola a xornada completa e por un período de nove meses.

A finalidade desta actuación é o fomento do emprego no medio rural xunto coa execución de competencias propias das entidades locais no eido da prevención e extinción de incendios, a limpeza viaria ou a protección do medio ambiente.

En data 20 de abril do 2024, notifícase a Resolución pola que se concede ao Concello de Meira a subvención solicitada e por importe de 16.107,79 € e para a contratación de un (1) peón agrícola.

*Dado os contratos de traballo deben atoparse formalizados como máximo en data 20 de maio do 2024 é polo que, **DISPOÑO**:*

Primeiro.- *A incoación do expediente para a aprobación das bases para a contratación de un (1) peón agrícola por un período de nove meses a xornada completa en réxime laboral temporal.*

Segundo.- *Que se emitan todos aqueles informes que sexan preceptivos para a tramitación do presente expediente.”*

Visto que obran no expediente o informe de secretaria así como a memoria da alcaldía

Vistas as bases que rexerán o procedemento de selección para a provisión de un (1) posto de traballo para o Servizo de Medio Ambiente.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, que son o número que legalmente a constitúen, e en votación ordinaria, **ACORDOU**:

Primeiro: aprobar a convocatoria e as seguintes bases que rexerán a contratación de traballadores desempregados en colaboración coas entidades locais para o Servizo de Medio Ambiente ao abeiro da subvención para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL) para o exercicio 2024, e que a continuación se transcriben:

“BASES QUE REXERÁN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE PEÓN AGRÍCOLA DO CONCELLO DE MEIRA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.”



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

1.1.- É obxecto das presentes bases a regulación do procedemento de selección, mediante o sistema de concurso-oposición, para a provisión con carácter temporal dun (1) posto de traballo de peón agrícola para o Concello de Meira (Lugo), coa finalidade de levar a cabo a realización de traballos de limpeza de viais no ámbito urbano e rural e en xeral de mantemento de espazos naturais e zonas verdes, todas elas tarefas incluídas no servizo denominado “Servizo de Medio Ambiente” presentado por este concello e aprobado pola Administración Autonómica.

1.2.- A contratación efectúase de acordo cos condicionantes establecidos na Resolución da Consellería de Emprego e Igualdade e pola que se procede á concesión da subvención no procedemento TR351G, expediente 2024/8-02, notificada en data 20 de abril do 2024, por importe de 16.107,79 € para a financiación dos custos salariais e de seguridade social dun peón agrícola a xornada completa e por un período de nove (9) meses.

2.- DURACIÓN DO CONTRATO.

A contratación laboral temporal terá unha duración de nove meses.

A prestación da xornada de traballo farase a xornada completa do 100 %.

3.- NORMATIVA APLICABLE.

Ao presente concurso-oposición seralle de aplicación o previsto no Real decreto legislativo 2/2015 (TRLEBEP en adiante). Así mesmo e nos aspectos non derogados expresamente que non se opoñan ao disposto no TRLEBEP, tamén será de aplicación:

- Lei 30/1984, de 2 de agosto, de medidas de reforma para a función pública.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.
- Decreto 364/1995, de 10 de marzo, que aproba o regulamento xeral de ingreso na administración.
- Real decreto legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido do estatuto dos traballadores.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

- Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia.
- Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia.
- Lei 31/2022, do 23 de decembro, de presupostos xerais do Estado para o ano 2023, prorrogada para o ano 2024.
- Real decreto 2720/1998, de 18 de decembro, polo que se desenvolve o artigo 15 do Estatuto dos traballadores en materia de contratos de duración determinada.

4.- XORNADA LABORAL E MODALIDADE DO CONTRATO.

4.1.- O contrato de traballo que se formalizará coa persoas seleccionada será de carácter temporal coas cláusulas específicas de traballos de interese social, na modalidade de obra ou servizo determinado previsto nas Bases reguladoras das subvencións para o fomento do emprego no medio rural (APROL RURAL 2024).

4.2.- A modalidade de contrato laboral coas cláusulas específicas de traballos de interese social segundo o disposto na Orde do 26 de decembro do 2023 da Consellería de Emprego e Igualdade.

4.3.- A prestación da relación laboral temporal farase no réxime de xornada completa.

5.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABALLO QUE SE CONVOCA.

As características do posto de traballo de peón de agrícola en xeral son:

- a) Número de postos de traballo: Un (1).
- b) Clase: persoal laboral temporal.
- c) Nivel de titulación mínimo esixido: non se esixe.
- d) Denominación do posto: peón agrícola.
- e) Funcións: realización de traballos de limpeza de viais no ámbito urbano e rural e en xeral de mantemento de espazos naturais e zonas verdes.
- f) Categoría: peón.
- g) Grupo de cotización: 10.

6.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Para tomar parte no proceso selectivo, os e as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos, referidos como máximo á data de publicación das presentes bases no Taboleiro de Anuncios e na páxina web do Concello de Meira (www.concellodemeira.es):

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadoras ou traballadores.

A tal efecto e en cumprimento do regulado no artigo 57 da TREBEP, terán a mesma consideración, calquera que sexa a súa nacionalidade, a/ou cónxuxe das persoas españolas ou das nacionais doutros Estado membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade dependentes, así como as persoas estranxeiras con residencia legal en España.

- b) Ter cumpridos os dezaseis (16) anos de idade e non ter acadado a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- d) Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- e) Non ter sido separada/o mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, no cal fose separado ou inhabilitado.

No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- f) Ser persoas desempregadas inscritas no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e estar



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

dispoñibles para o emprego.

- g) Non ter sido contratada/o, por un período igual ou superior a nove meses, con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de persoas traballadoras desempregadas, salvo en concellos rurais de menos de 2.000 habitantes (art. 14.3 da Orde reguladora das bases).

7.- OFERTA DE EMPREGO AO SERVIZO PÚBLICO DE EMPREGO.

7.1.- De acordo ao esixido no artigo 14 da Orde do 12 de abril da Consellería de Emprego e Igualdade, remitirase oferta de emprego ao Servizo Público de Emprego para os efectos de que acheguen as ou os candidatos que reúnan os requisitos establecidos nas presentes bases e que ademais deberán pertencer a algún dos colectivos enumerados na Orde, salvo que non existan demandantes de emprego con estas características.

Asemade as presentes bases serán publicadas no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Meira (www.concellodemeira.es).

7.2.- Remitida a relación de persoas aspirantes así como os currículos vital de todas elas por parte do Servizo Público de Emprego, o Tribunal reunirase nunha ou no número de sesións que resulten necesarias, que non serán públicas, para os efectos de valorar os méritos alegados e debidamente acreditados por cada unha ou un dos presentados.

O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo (www.concellodemeira.es).

8.- NOMEAMENTO E COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL CALIFICADOR.

8.1.- Recibida a documentación no Concello de Meira polo Servizo Público de Emprego, o Alcalde ditará Resolución nomeando ao Tribunal Cualificador para a valoración dos méritos.

8.2.- O tribunal poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas que estime pertinentes, limitándose ditos asesores a prestar a súa colaboración nas súas especialidades técnicas e terán voz pero non voto.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

O nomeamento destas/os asesores especialistas corresponderalle a/o Alcalde a proposta do Tribunal.

9.- NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR.

9.1.- O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, a metade dos seus membros e, en todo caso, sen asistencia da ou do presidente e secretario.

9.2.- Por cada sesión do tribunal levantarase acta, que lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, autorizarase coa sinatura da/o secretaria/o e o visto e praxe da/o presidente.

9.3.- As e os membros do Tribunal, así como as/os asesores especialistas designados, terán que absterse de intervir cando concorran algunha das causas previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, ou se tivesen realizado tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria do proceso que regulan estas bases.

A ou o presidente poderá solicitar das e dos membros do tribunal e das/os asesores especialistas declaración expresa de non atoparse incurso nas circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público.

As e os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal cando concorran as circunstancias previstas na presente base.

9.4.- En ningún caso o tribunal poderá aprobar, nin declarar, que teñen superado o concurso un número superior de aspirantes ao de postos convocados. Calquera proposta que contraveña o establecido nesta norma será nula de pleno dereito.

9.5.- As e os membros do tribunal, así como, aqueles asesores especialistas que nomee, terán dereito ao abono de asistencias, de conformidade co previsto no anexo IV do Real decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

10.- SISTEMA DE SELECCIÓN.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

A selección realizarase mediante o sistema de concurso-oposición, consistindo a primeira fase no concurso, na que se procederá á valoración daquelas situacións que dificultan o acceso ao mercado laboral así como a experiencia e formación relacionada cos postos que se convocan, e a segunda fase na oposición que consistirá nunha entrevista efectuada polo tribunal cualificador con obxecto de coñecer a aptitude para levara a cabo as tarefas do traballo a desenvolver.

11.- FASE DE CONCURSO.

11.1.- Remitidos polo Servizo Público de Emprego os currículos vitais das e dos aspirantes, o Tribunal cualificador reunirse nunha ou no número de sesións que resulten necesarias, que non serán públicas, a efectos de valorar os méritos que consten nos currículo remitidos polo Servizo Público de Emprego.

O resultado da valoración farase público, mediante a súa exposición no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do Concello de Meira (www.concellodemeira.es).

11.2.- O Tribunal, en ningún caso, poderá valorar o que non conste nos currículo remitidos polo Servizo Público de Emprego, sen prexuízo das aclaracións que o Tribunal poida solicitar a este servizo sobre os datos que consten naqueles, ou ben, acordar a realización dunha entrevista curricular ás persoas aspirantes para os efectos de aclarar os méritos alegados.

11.3.- A puntuación máxima total da fase de concurso establécese en **DEZ (10)** puntos e será o resultado de sumar os méritos e de acordo ao seguinte baremo:

A) Formación. Máximo catro (4) puntos.

Por estar en posesión de cursos de formación relacionados ou equiparables ao posto a desempeñar impartidos polos organismos oficiais competentes, ata un máximo de catro (4) puntos, que serán outorgados en función do seguinte:

- Se a duración é de máis de 100 horas: 0,75 puntos/curso.
- Se a duración está entre as 51 e 100 horas: 0,50 puntos/curso.
- Se a duración está entre as 26 e 50 horas: 0,25 puntos/curso.
- Se a duración está entre as 10 e 25 horas: 0,10 puntos/curso.
- Se a duración é inferior ás 10 horas: 0,05 puntos/curso.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Valoraranse aqueles cursos, xornadas ou diplomas impartidos ou expedidos por centros oficiais ou entidades homologadas con contido directamente relacionados coa praza que se convoca. No diploma ou certificado deberá constar o nome do curso, os contidos impartidos, a entidades e o número de horas.

Incluiranse no apartado de cursos de duración inferior ás 10 horas, aqueles cursos que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados.

B) Por estar en posesión do permiso de conducción B: un (1) punto.

C) Por atoparse nalgunha das situacións sinaladas no artigo 14.5. da Orde do 12 de abril do 2021, ata un máximo cinco (5) puntos.

a) Mulleres, en especial aquelas que acrediten a condición de vítimas de violencia de xénero (0,50 puntos).

b) Menores de 30 anos, en especial as persoas demandantes do primeiro emprego ou aquelas sen cualificación profesional (0,50 puntos).

c) Persoas paradas de longa duración (1 punto).

d) Persoas con discapacidade (0,50 puntos).

e) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións e subsidios por desemprego a que tivesen dereito (1 punto).

f) Persoas desempregadas maiores de 45 anos (1 punto) .

g) Integrantes de colectivos desfavorecidos ou en risco de exclusión social, especialmente persoas beneficiarias da renda de integración social de Galicia ou as persoas trans (0,50 puntos).

h) As persoas emigrantes retornadas ou persoas estranxeiras con autorización ou permiso de residencia e traballo en España (0,50 puntos).

11.4.- De ser necesario, o resultado da valoración redondearase en dous decimais para cada un dos apartados e subapartados.

12.- FASE DE OPOSICIÓN.

Consistirá na realización dunha entrevista persoal ás persoas remitidas polo Servizo Público de Emprego e na que se realizará unha sondaxe de demandantes en función das características e atendendo á maior adecuación ao posto de traballo ofertado.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Para elo, serán convocados telefonicamente ou por medio de correo electrónico.

Será cualificada con un máximo de **VINTE (20) puntos**.

13.- PROPOSTA DE RESOLUCIÓN.

13.1.- Concluída a valoración de méritos de todas e todos os aspirantes, o Tribunal as/os relacionará por orde decrecente en función da puntuación final obtida por cada un deles e formulará ao órgano competente a proposta de nomeamento a favor das ou dos candidatos aos postos de peón agrícola en xeral.

Esta proposta de nomeamento e a relación das puntuacións obtidas polas e polos aspirantes será obxecto de publicación no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web do mesmo (www.concellodemeira.es).

13.2.- En caso de empate nas puntuacións de dous ou máis candidatos ou candidatas, o Tribunal resolverá conforme aos seguintes criterios: en primeiro lugar, a favor daquel aspirante que teña o menor nivel de protección por desemprego; en segundo lugar, de persistir o empate, a favor daquel que teña maiores cargas familiares entendéndose por estas ter a cargo o/a cónxuxe, fillos e fillas menores de vinte e un anos ou maiores con discapacidade, persoas maiores incapacitadas ou menores en acollemento; por último, de persistir o empate, resolverase por sorteo.

Nestes casos o Tribunal deberá solicitar ás persoas candidatas a acreditación do criterio de desempate, mediante a presentación da documentación que estime máis axeitada para este fin.

14.- NOMEAMENTO.

14.1.- De acordo á proposta formulada polo Tribunal, o órgano competente, nomeará persoal laboral temporal do Concello de Meira á persoa ou persoas que obtiveran a maior puntuación no concurso, o que se fará público no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Meira e na páxina web do mesmo (www.concellodemeira.es).

14.2.- No prazo máximo de dous (2) días hábiles, contados desde o día de inserción da publicación citada no parágrafo anterior, a persoa nomeada deberá presentarse nas oficinas municipais coa documentación que se sinala a continuación, orixinal ou copia compulsada, para os efectos da sinatura do correspondente contrato laboral:

- Documento nacional de identidade, pasaporte ou tarxeta de



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

residente. As ou os familiares dos anteriores, visado e, de selo caso, documentación acreditativa do vínculo do parentesco e unha declaración xurada ou promesa do cónxuxe ou ascendente do que dependa de que non está separado de dereito ou de que a ou ao aspirante vive ás súas expensas ou está ao seu cargo.

- Declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral, segundo o modelo que se insire nestas bases como Anexo I.

No caso de ser nacional doutro Estado, declaración responsable, asinada pola ou polo aspirante, de non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas e de non estar inhabilitado ou en situación equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

- Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a ou o aspirante reúne a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo. Esta certificación non poderá ter unha antigüidade superior aos tres (3) meses anteriores ao día de remate do prazo de presentación de instancias.
- Tarxeta da Seguridade Social no suposto de ter sido dado de alta con anterioridade.
- Declaración responsable de estar desempregada/o e inscrita/o no Servizo Público de Emprego de Galicia e de que non foi contratada ou contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de traballadores desempregados, nos termos da Orde reguladora,



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

salvo en concellos rurais de menos de 2.000 habitantes (Anexo I).

14.3.- No suposto de que a persoa seleccionada non se presente no prazo establecido no parágrafo anterior á sinatura do contrato, non presente a documentación que se cita no mesmo, renuncie expresamente e por escrito ao seu nomeamento ou á prestación dos servizos ou situacións similares, será nomeada a persoa coa puntuación seguinte máis alta segundo a relación confeccionada polo Tribunal Cualificador e así sucesivamente de darse nesta última tamén algunha daquelas situacións.

14.4.- En tanto non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, a persoa seleccionada non terá dereito a prestación económica algunha.

15.- CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.

15.1.- Crearase unha bolsa de emprego para a cobertura de postos de traballo con carácter temporal para os que se esixan os mesmos requisitos que nas presentes bases, acudindo ás/aos aspirantes relacionados por orde decrecente de puntuación na listaxe confeccionada polo Tribunal cualificador.

15.2.- A ou o aspirante que resultase nomeado no proceso regulado nestas bases, unha vez extinguido o contrato laboral, pasará a formar parte desta bolsa na orde que lle corresponda póla súa puntuación.

Non obstante, si a persoa nomeada tralo proceso que regulan estas bases incorre nalgún dos supostos relacionados nas mesmas, será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego.

16.- FUNCIONAMENTO DA BOLSA DE EMPREGO.

16.1.- No caso de producirse a necesidade de proveer un ou varios postos de traballo, coas características sinaladas, requirirase á ou ás persoas incluídas na listaxe coas maiores puntuacións que nese momento non estean prestando servizos para o Concello de Meira como peón agrícola, para os efectos de que, nun prazo fixado polo órgano competente en función da urxencia na provisión do posto, se incorpore a este previa sinatura do correspondente contrato laboral.

Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá, indicándolle o número de orde no que se atopa na prelación establecida polo Tribunal, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación á que se refire o parágrafo



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

seguinte ou renunciem por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, poida pasarase a/aos seguinte/s na lista.

16.2.- A oferta do posto será notificado na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en adiante LPAC), ao enderezo postal sinalado no currículo vital remitido pola Oficina de emprego público e, de estimalo necesario, en atención ao tempo transcorrido ou por calquera outro motivo xustificado, na devandita notificación incluírase a relación da documentación que deberá presentar de novo para os efectos de comprobar que se seguen a cumprir os requisitos de participación no proceso selectivo de acordo ao previsto nas presentes bases.

De resultar infrutuosa a notificación, tralos dous intentos previstos no artigo 42.2 da LPAC, procederase do mesmo xeito coa/s seguinte/s persoa/s da lista sen necesidade de realizar a publicación no Boletín Oficial do Estado que se prevé no artigo 44 da mesma Lei dada a celeridade para o que está previsto este procedemento e a temporalidade dos postos que con el se poden cubrir.

16.3.- Igualmente será fixado polo órgano competente o número de persoas por posto ás que se lle remitirá a oferta indicándolle o número de orde no que se atopa na bolsa, de tal maneira que, no suposto de que a persoa ou persoas coas maiores puntuacións non se presenten á sinatura do contrato no prazo establecido, non aporten debidamente a documentación que se lles solicite ou renunciem por escrito a prestar os servizos para os que se lle require, pasarase a/s seguinte/s na lista.

A persoa que incorra nalgunha das circunstancias mencionadas no parágrafo anterior será excluída con carácter definitivo da bolsa de emprego agás que a renuncia, que en todo caso deberá realizarse por escrito, se deba algún dos seguintes motivos:

- a) Que a persoa se atope de permiso por paternidade ou maternidade.
- b) Que a persoa se atope na situación de incapacidade laboral temporal por enfermidade común ou accidente profesional.
- c) Que se atope prestando servizos para o Concello de Meira noutro posto de traballo.

Nos supostos a) e b) a renuncia deberá acompañarse dos documentos acreditativos da situación. No suposto de que non o acredite



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

debidamente no prazo que se lle indique, será excluída definitivamente da lista.

Serán igualmente causas de exclusión definitiva da lista a renuncia á continuidade no desempeño do posto de traballo aceptado e todas aquelas outras que motivan a perda da condición de empregado público.

16.4.- No suposto de que a necesidade de proveer o posto non fora previsible coa antelación suficiente e a súa cobertura fora necesaria para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente ao número consignado no currículo vital.

Nestes supostos, a ou o empregado público que realice esta tarefa o intentará por dúas veces no mesmo día a horas diferentes cun intervalo mínimo entre chamadas dunha hora. De resultar infrutuosos ambos chamamentos pasarase á seguinte persoa da lista.

En calquera dos supostos a ou o empregado estenderá dilixencia dos chamamentos realizados indicando número de teléfono, día, hora e minutos e resultado da oferta que poderá ser:

- a) Non contesta.
- b) Acepta.
- c) Renuncia.
- d) Permiso por paternidade ou maternidade ou incapacidade laboral temporal. Nestes casos deberáse informar da necesidade de acreditar a circunstancia que concorra no prazo máximo de cinco (5) días hábiles desde o chamamento. En caso contrario procederase ao seu tratamento como renuncia.

17.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL.

No marco da normativa vixente de protección de datos, os datos contidos nas solicitudes de participación e no resto da documentación presentada polas persoas aspirantes, será obxecto de tratamento polo Concello de Meira coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que se derive da xestión do proceso selectivo e posteriores provisións de postos de carácter temporal.

As persoas aspirantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación do tratamento ou calquera outro establecido na normativa vixente ante o responsable do tratamento (Concello de Meira).

18.- NORMA FINAL.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

18.1.- Estas bases, a súa convocatoria e cantos actos administrativos deriven das mesmas, así como as actuacións do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ou polas interesadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015 do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas e na Lei 29/1998 de 13 de xullo reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

18.2.- O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que poidan presentarse e adoptar as resolucións, criterios e medidas necesarias para a boa orde do concurso-oposición naqueles aspectos previstos ou non nestas bases, sendo en todo caso aplicable para o non previsto a normativa recollida nas presentes bases.

Meira, na data da sinatura electrónica

O Alcalde

Asdo. Antonio de Dios Álvarez



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE AS BASES DAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE PEÓN AGRÍCOLA DO CONCELLO DE MEIRA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

DONA/
DON

....., con DNI, NIE ou pasaporte
número e
endereço en
.....
.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

2.- Que non foi contratada ou contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2023 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de traballadores desempregados, salvo en concellos rurais de menos de 2.000 habitantes.

Lugar, data e sinatura.



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

ANEXO I. MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE Á QUE SE REFIRE AS BASES DAS QUE REXEN O PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN PARA A PROVISIÓN TEMPORAL DE DUN (1) POSTO DE TRABALLO DE PEÓN AGRÍCOLA DO CONCELLO DE MEIRA, EN RÉXIME DE DEREITO LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE O SISTEMA DE CONCURSO-OPOSICIÓN.

DONA/
DON
....., con DNI, NIE ou pasaporte
número e
endereço en
.....
.....

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Non estar afectada/o por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, nin ter sido separada/o do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme nin encontrarse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, ou para exercer funcións similares ás que se desempeñaba no caso do persoal laboral.

2.- Que non foi contratada ou contratado por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2022 pola Consellería de Emprego e Igualdade no ámbito de colaboración coas entidades locais e coas entidades sen ánimo de lucro, en materia de políticas activas de emprego, para a contratación de traballadores desempregados, salvo en concellos rurais de menos de 2.000 habitantes.

Lugar, data e sinatura.”

Segundo.- Que se proceda á publicación íntegra das bases no Taboleiro de Anuncios da Casa Consistorial e na páxina web do concello (www.concellodemeira.com).

Terceiro.- Proceder a solicitar oferta ante a Oficina de Emprego de Lugo para selección de UN (1) posto de peón agrícola (ao abeiro da Orde do 9 de xaneiro de 2023 pola que se establecen as bases que regulan as axudas e subvencións para o fomento de emprego no medio rural (Aprol Rural) e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2023)

E para que así conste e surta os efectos oportunos, expido a presente certificación, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, de orde e co Visto e Prace do Señor Alcalde, en Meira a 3 de maio de 2022.

A secretaria accidental

Visto e prace
O alcalde



CONCELLO DE MEIRA
CIF.: P2702900H
Praza do Concello, s/n
27240 Meira (Lugo)
Teléfono: 982 330 102
Fax: 982 104 090
email:concello.de.meira @eidolocal.es

Mercedes Fernández Moirón

Antonio de Dios Álvarez

